Gago de Mendoza

1809 A liberación de Marín

Concello de Marín

Seguramente a maioría coñeceredes o feito histórico da liberación de Marín, acontecido o día 4 de abril de 1809, e protagonizado polas alarmas do Morrazo, capitaneadas polo heroe marinense Juan Gago de Mendoza. Pero se queredes saber máis sobre este feito histórico e sobre a vida de Juan Gago, corsario, guerrilleiro e caudillo, podedes acompañarnos seguindo estas páxinas e comprobaredes a heroicidade daqueles homes e mulleres.

Don Juan Gago de Mendoza foi un apaixonado do mar desde moi pequeno. En 1801, despois de decenas de vitorias como soldado e con 40 anos, recibiu unha medalla ao mérito naval polos seus servizos nos asaltos aos barcos da mariña inglesa. Tamén foi nomeado capitán con patente de corso do barco «Carmen Vencedor» e posuía unha pequena frota cos barcos «San Antonio» e «Rosario», que, con base no Chirleu de Aguete, utilizaba para defender e controlar a costa dende Fisterra ata o Miño.

En 1808 estala a Guerra da Independencia, que alcanza Galicia ao ano seguinte, cando os franceses toman A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.
Isto provoca que se constitúan as alarmas, grupos de paisanos con intención de defenderse ante estes feitos. Para evitaren que os ingleses axuden os aldeáns, os franceses ocupan o forte de San Fernando en Marín, esnaquizan o Pazo de Chirleu e obrigan os habitantes a entregaren as armas.

Gago de Mendoza proclama o levantamento da comarca chamando ás armas e organiza as heroicas alarmas do Morrazo, con máis de 500 paisanos que, grazas á provisión de armas procedente dos barcos ingleses, comezan a fustrigar os franceses nunha loita de guerrillas, participando na reconquista de Vigo. Estas alarmas actuaban ás veces como defensa das aldeas ante os abusos do exército francés e, outras, como apoio en ofensivas do propio exército español.

A estratexia do corsario marinense de armar os seus paisanos culmina coa decisión de capitanear as alarmas no ataque conxunto, por terra e por mar, ao forte de San Fernando o 4 de abril, co obxectivo de recuperar a vila e expulsar a guarnición francesa de 100 homes, aínda coa oposición do seu superior, o enviado da Xunta de Defensa, Pablo Morillo.

Así, o 4 de abril de 1809, co apoio dos barcos ingleses do comandante Oliver, responsable do porto, e das tropas do avogado Manuel Rodal, na madrugada varias lanchas armadas con canóns e pezas de artillería desembarcan na praia e abren fogo contra o forte coas primeiras luces do día.
Ao mesmo tempo, as Alarmas, escondidas en terra, lánzanse contra os muros, conseguen escalalos con facilidade e sorprenden os franceses no seu interior.

Os franceses, cercados e reducidos no espazo do forte, deciden saír a campo aberto e establécese entón unha batalla corpo a corpo entre franceses e paisanos armados, en moitos casos, con nada máis que fouces, forcadas e a súa propia coraxe, mentres o bombardeo entre os barcos ingleses e o interior do forte é constante.

Cos primeiros raios de sol, os canóns do forte son inutilizados e, ante a enorme cantidade de baixas e o furor dos atacantes, os franceses réndense. Soamente dous soldados conseguen fuxir e dar a noticia da derrota en Pontevedra. Cinco días despois, os franceses contraatacan, mais sofren unha derrota definitiva debido á actuación colectiva dos habitantes da vila.

Finalmente, a pesar da enorme vitoria, o capitán José Antonio Gago de Mendoza é destituído do seu cargo polo xeneral Morillo por desobedecer ordes. Aínda así, continuarían a loita participando na batalla de Ponte Sampaio ata conseguir expulsar os franceses de Pontevedra. O mariño comandante das alarmas do Morrazo rematará os seus días na tranquilidade das súas terras, coidando dos fillos e da propia facenda.
* * *

Edita
Concello de Marín

Coordinación editorial
Era Comunicación

Deseño e maquetación
Era Comunicación

Ilustracións
Celsius Pictor

Agradecementos
Manuel Torres Viqueira
Ana Isabel Martínez Pazos

Depósito Legal PO-137-2019

Concello de MARÍN

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

PAPEL 100% RECICLADO